



# GUÍA DE LECTURA-FÍSICA E QUÍMICA


## Novelas de carácter científico


Título:	<b>Jurassic Park</b>	
Autor:	<b>Michael Crichton</b>	
Editorial:	Plaza y Janés	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Un experimento de enxeñaría xenética fóra de control e unhas consecuencias perigosas. Nunha illa remota “nacen” de novo os Dinosaurios e o mundo quedará exposto a estas terribles bestas.	
Comentario	Ten <u>471 páxinas</u> e proporciona una novela moi entretida que tivo unha adaptación espectacular no cine da man de Steven Spielberg en 1993.	

Título:	<b>Cita con Rama</b>	
Autor:	<b>Arthur C. Clark</b>	
Editorial:	Ultramar	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Despois de que un meteorito chocase coa Terra, ponse en funcionamento un sistema de detección que descubre un estraño obxecto que viaxa polo sistema solar e xira a unha velocidade increíble: Rama. Pero ¿Que é realmente Rama?; a comunidade científica e política tratarán de averigualo.	
Comentario	Un clásico de 247 páxinas do mestre da ciencia ficción Arthur C. Clark (2001, unha odisea espacial é obra súa) que está chea de suspense, sorpresas, e da máis do que un se espera. Prantexa misterios, dúbidas, reflexións...Para os fans da ciencia ficción.	

<b>Título:</b>	<b>La amenaza de Andrómeda</b>	
<b>Autor:</b>	<b>Michael Crichton</b>	
<b>Editorial:</b>	Ediciones B	
<b>Recomendado para:</b>	<b>3º-4ºESO</b>	
<b>Sinopse</b>	<p>Un satélite cae nun pobo de Arizona en Estados Unidos e trae consigo unha epidemia que empeza a exterminar a toda a poboación, excepto a un bebé e un ancián. Podería ser un problema puntual pero empeza a crecer dun xeito imparable...</p>	
<b>Comentario</b>	<p>Libro de 333 páxinas dun mestre do suspense científico como Michael Crichton, que propón unha historia que pode ver real nalgún momento. Bastante entretido, cunha mestura de suspense e trama política que te consegue meter na historia e incluso pasar algo de angustia e que colle forza a medida que avanza. Tivo adaptación cinematográfica moi boa en 1971, dirixida por Robert Wise.</p>	

<b>Título:</b>	<b>El planeta de los simios</b>	
<b>Autor:</b>	<b>Pierre Boulle</b>	
<b>Editorial:</b>	Minotauro	
<b>Recomendado para:</b>	<b>3º-4ºESO</b>	
<b>Sinopse</b>	<p>Uns astronautas aterran nun planeta moi similar ao noso. Ten un aspecto paradisíaco pero axiña descubren unha terrible verdade...nel os humanos son as bestas e os simios son os seres intelixentes. Ulises Merou tratará de achar a orixe desta civilización sen saber se iso pode supoñer un perigo para a humana.</p>	
<b>Comentario</b>	<p>Un clásico de <u>208 páxinas</u> para gozar la literatura fantástica. Prantexa a situación irónica de que humanos e primates mudemos os papeis...¿podes imaxinar como sería a situación? Pero sobre todo párase na crueldade dos experimentos que os simios levan a cabo con persoas ou as loitas polo poder entre os simios...¿sónache? cambia simio por humana e ao mellor fáiseche familiar a situación. É un libro que se lee ben, pero mellor para alumnos de 2ºciclo.</p>	

Título:	<b>El extraño caso del Dr Jekyll y Mr Hyde</b>	
Autor:	<b>Robert L. Stevenson</b>	
Editorial:	EDAF	
Recomendado para:	<b>3º-4ºESO</b>	
Sinopse	Inverno de 1884. Henry Jekyll morreu e deixa como único herdeiro a Edward Hyde. O notario do Dr Jekyll, o señor Utterson descobre que E. Hyde é un ser desprezable e un criminal. Pero daquela entón ¿Por qué lle deixa o Dr Jekyll todo o que ten?...	
Comentario	Todo un clásico da literatura fantástica, de <u>144 páxinas</u> , que analiza o límite dos experimentos científicos e as consecuencias fatais que poden traer. É a típica loita entre o ben e o mal personificada neses “dous” suxeitos. Lese ben e de xeito moi fluído.	

Título:	<b>Frankenstein</b>	
Autor:	<b>Mary Shelley</b>	
Editorial:	Mondadori	
Recomendado para:	<b>3-4ºESO</b>	
Sinopse	Un científico decide crear unha criatura e darlle vida. Pero resulta que non está contento co resultado e decide acabar con ela.	
Comentario	O clásicos dos clásicos da literatura fantástica, con toques científicos e de terror. Consta dunhas <u>328 páxinas</u> . O monstro que sae dos experimentos científicos descontrolados e que logo non sabemos qué facer con el...unha terrible metáfora da ciencia: a creación rebélase contra o creador e entón xurde a traxedia. Isto invita á reflexión: xogar a ser deuses creando vida pode ser moi perigoso. Tamén hai outra lectura: ¿como reaccionamos cando nos sentimos rexeitados? ¿podemos entender a natureza humana sen sentimentos?	